



Accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C para persoas traballadoras ocupadas

TR301X

Información para empresas

Accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C, e competencias clave, destinadas a persoas traballadoras ocupadas e dirixidas á adquisición e mellora de competencias profesionais con impacto no mercado laboral conducentes a unha formación formal total ou parcial incluída nun certificado profesional, ou á adquisición de competencias clave



Prazo aberto do 5 de febreiro ao 30 de setembro de 2025

Orzamento 2025 4.000.000 €



Entidades beneficiarias

As empresas e as entidades sen ánimo de lucro que, con anterioridade á data de presentación da solicitude de subvención, estean acreditadas ou, de ser o caso, inscritas para impartiren no ámbito da Comunidade Autónoma as ofertas formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C e/ou as competencias clave para as cales soliciten subvención, xa sexa na modalidade presencial ou virtual, entendida esta última como modalidade de teleformación.

Deberán estar acreditadas ou inscritas no Rexistro de Centros e Entidades de Formación da Comunidade Autónoma de Galicia ou, no caso da modalidade virtual, no correspondente rexistro estatal.

Para poder ser beneficiarias, as entidades deberán contar co **compromiso de participación do número mínimo** de persoas que se determine en cada convocatoria para poder iniciar a acción formativa, así como do **personal docente acreditado** encargado da súa impartición.



Persoas destinatarias da formación

2ª convocatoria

As accións formativas obxecto de financiamento dirixiranse ás persoas traballadoras ocupadas.

A consideración de **persoa traballadora ocupada** virá determinada pola situación laboral na **data de validación da acta** de selección polas oficinas de emprego. As persoas traballadoras ocupadas que accedan á situación de desemprego cando se encontren en período formativo poderán seguir participando na acción que estean a cursar.

Mínimo e máximo de participantes por acción:

	Compromiso mínimo	Máximo
Modalidade presencial	10 persoas	15 persoas
Modalidade virtual	15 persoas	30 persoas

Prazo límite para a execución das accións formativas
29/11/2025



Acción formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C para persoas traballadoras ocupadas

TR301X



Selección do alumnado

- > A selección do alumnado participante nas accións formativas será realizada pola entidade beneficiaria.
-> Dentro das actividades de difusión e promoción para a selección do alumnado, as entidades beneficiarias poderán realizar convocatorias públicas nos medios e canles que consideren.

Nestes anuncios, que deberán estar redactados en lingua galega sen prexuízo de que se publique noutros idiomas, deberá facerse constar o carácter público do financiamento da actividade subvencionada, e incluírse neles o emblema da Xunta de Galicia e o dos organismos que financian a formación.

- > Darase conta da selección á oficina de emprego correspondente a efectos da validación da acta de selección no prazo de 5 días naturais.



Contía da subvención

O réxime de concesión e xustificación da subvención será a través de módulos económicos, entendidos como o custo por participante e hora de formación que poderá ser obxecto de financiamento público.

Cálculo da contía da subvención (modalidade presencial):

Nº persoas participantes previsto



Nº horas do programa formativo



Módulo económico do anexo III

Acceso á ficha da sede electrónica



[Pulsa ou escanea]

Nas especialidades formativas impartidas na modalidade virtual será de aplicación o 70 % do importe do módulo económico presencial euro/hora por persoa alumna, cunha contía máxima de 6 €.

Custos adicionais de adaptación da acción formativa á participación do alumnado con discapacidade.

Custo unitario 16 € hora lectiva

Gastos destinados a promover a adecuación das condicións físicas e/ou tecnolóxicas, e a dotación de recursos materiais e medios didácticos apropiados ás persoas con discapacidade.

Máximo 500 € alumno/a

Módulo de formación en empresa (por hora de prácticas efectivamente titorizadas). Para financiar custos da titorización das prácticas, así como da subscripción das pólizas de accidentes de traballo e de responsabilidade civil.

Unitario 3 € alumno/a e hora